

## **MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA DA REGULACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O ANO 2024**

De acordo co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; e no Decreto 123/2022, de 23 xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

No ámbito das políticas activas de emprego, a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego no seu artigo 32 recolle a posibilidade de xestionar as accións e medidas de políticas activas de emprego, entre outras opcións, mediante a subscripción de convenios ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.

O Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria-CIXUG, en consonancia coas metas que lle foron conferidas polas universidades integrantes, está a asumir as accións formativas e procedementais específicas das tres universidades, entre outras, no ámbito das políticas en materia do apoio ao emprego e a dinamización laboral, creando de xeito coordinado procedementos, aplicacións e servizos cara a xestionar de forma coordinada as súas políticas de inserción laboral en xeral e, en particular, a formación do persoal técnico que actualmente está a desenvolver as actuacións en materia de orientación laboral, contando para isto co equipamento e co equipo educativo necesario.

Acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscripción dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG), para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participado polas tres universidades galegas, constitúese como axente necesario e imprescindible para desenvolver dito plan.

En coherencia con todo o exposto e para facelo posible, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2024, dentro do EIXO 1 ORIENTACIÓN, un Programa Propio denominado "PP00337 PROTOCOLO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FOMENTO DO EMPREGO, MELLORA DA ORIENTACIÓN E EMPRENDEMENTO".



## OBXECTO DO CONVENIO

Tratase dun convenio específico que regula a subvención nominativa de concesión directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma, cuxo obxecto é a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia para o ano 2024. De conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, trátase dunha subvención.

A finalidade do convenio é abordar e executar o conxunto de iniciativas e actividades vinculadas ao fomento do emprendemento a través de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) a desenvolver polo CIXUG no ano 2024.

Forma parte das políticas activas de emprego e desenvólvese no seo da comunidade universitaria vinculado a:

- labores e aos resultados de investigación, transferencia, valorización e innovación que se desenvolven nas universidades galegas.
- asesoramento e acompañamento neste tipo de iniciativas durante a súa creación e na súa posta en marcha para maximizar as súas probabilidades de éxito.
- impulso do fomento da cultura emprendedora e o espírito empresarial innovador entre a poboación universitaria galega, como espazo de máxima referencia na divulgación e creación destas iniciativas innovadoras con contido científico ou base tecnolóxica e difusión da cultura emprendedora.

## FINANCIAMENTO

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 na Sección 13, Servizo 30, actualmente Sección 44, Servizo 04 debido á modificación da estrutura da Xunta de Galicia aprobada polo Decreto 42/2024, do 14 de abril, e das súas Consellerías aprobada polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, que motivaron a Orde, do 25 de abril, pola que se regulan as actuacións orzamentarias e contables necesarias para a adaptación do orzamento á estrutura da Xunta de Galicia, Programa de gasto 322C *Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo*; Concepto 444 *A universidades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia*; Subconcepto 444.0 *Convenio co CIXUG para o impulso das novas IEBTs*; código de Proxecto 2015 00552, denominado *Convenio Universidades impulso IEBTs*, establece o importe da subvención nominativa ao CIXUG nunha contía de 75.000 euros.



## ENCAIXE NO PEG 22-30

A vista dos obxectivos descritos, este convenio ten o seguinte encaixe no PEG

EIXO: **E3**. Competitividade e crecemento.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN: **PA01** – Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: **OE01** - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.

OBXECTIVO OPERATIVO: **OO99** – Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico.

INDICADORES de Produtividade	Valor previsto
SC01.H - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	25
SC01.M - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	20

## ANEXO I

### I. CADRO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO

#### I.1. CADRO XERAL

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto/ Gastos subvencionables	Importe ano 2024	TOTAL
Actuación	Gastos de persoal	63.750 €	63.750 €
	Subministracións e servizos	11.250 €	11.250 €
	Outros	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	75.000 €	75.000 €



## 1.2. DETALLE CADRO DE PERSOAL

<b>Categoría Profesional</b>	<b>Tipo de contrato (indefinido/temporal)</b>	<b>Salario anual (con pagas extras)</b>	<b>Complementos salariales</b>	<b>Seguridad Social</b>	<b>Outros</b>	<b>TOTAL</b>
Técnico IEBT Universidade de A Coruña	Indeter.	Indeter.	Indeter.	Indeter.	0,00 €	21.250 €
Técnico IEBT Universidade de Santiago de Compostela	Indeter.	Indeter.	Indeter.	Indeter.	0,00 €	21.250 €
Técnico IEBT Universidade de Vigo	Indeter.	Indeter.	Indeter.	Indeter.	0,00 €	21.250 €

## ANEXO II: MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES

<b>Tipoloxía actuación</b>	<b>Tipoloxía gastos subvencionables</b>	<b>Importe convocatoria</b>	<b>Importe convocatoria anterior</b>	<b>Execución</b>	<b>Variación (termos absolutos)</b>	<b>Variación (termos %)</b>	<b>Motivación</b>
Actuación	Gastos de persoal	63.750 €	63.750 €	67.277,12 €	0	0 %	----
	Subministracións e servizos	11.250 €	11.250 €	7.722,88 €	0	0 %	----
	Outros	----	----	---	----	----	----



### ANEXO III: CÁLCULO DE ORZAMENTO CON PREZOS UNITARIOS

Gastos subvencionables	Prezo anual	Prezo unitario (mes)	Nº unidades	Orzamento total
Custos salariais, seguridade social e desprazamento	63.750 €		3 técnicos (1 en cada universidade de Galicia)	63.750 €
Contratación de medios externos e Gastos xerais, materiais e técnicos co límite do 15% do custo total final do proxecto	11.250 €		Indeterminable a priori	11.250 €
<b>TOTAL</b>				<b>75.000 €</b>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

